

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE CESIÓN DE USOS DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS PARA ACTIVIDADES DEPORTIVAS (ADESTRAMENTOS) E ACTIVIDADES FÍSICAS DURANTE A TEMPADA 2022-2023

1. OBXECTO

Estas bases teñen por obxecto regular as condicións polas que a Concellería de Deportes e Benestar animal vai proceder ao reparto das horas de uso das instalacións deportivas municipais, xa sexan instalacións propias ou cedidas ao Concello de Santiago de Compostela mediante un convenio, para a realización de actividade física ou actividade deportiva (adestramentos) (definidas no art.10 da Lei do Deporte de Galicia), por parte das entidades detalladas no punto 2 que estean interesadas en solicitar horas para este fin.

Debido a que na cidade hai un número elevado entidades deportivas que non dispoñen de instalacións para realizar os seus adestramentos e competicións, a Concellería de Deportes e Benestar Animal pretende, en base a unha solicitude previa, realizar un reparto do uso das horas libres semanais nas ditas instalacións entre todas as entidades deportivas interesadas. Para iso utilizarase un procedemento de concorrencia competitiva.

Corresponde ao Concello de Santiago de Compostela, a través da Concellería de Deportes, promover a práctica deportiva, como así establece entre as súas competencias propias a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, no seu artigo 25.2.

A súa vez, a Lei 3/2012, do 21 de abril, do Deporte de Galicia establece no seu artigo 8, entre outras, as seguintes competencias dos municipios:

- Fomentar, promover e difundir o deporte, especialmente en idade escolar.
- Construír, xestionar, ampliar e manter as instalacións deportivas de titularidade municipal, e no seu caso, a xestión e mantemento das de titularidade autonómica cuxo uso e xestión lle sexan cedidas.
- Velar pola plena utilización das instalacións deportivas da súa titularidade, procurar a participación das asociacións deportivas do seu ámbito municipal na optimización do uso destas e coidar a súa debida hixiene e seguridade.

En base a todas esas competencias, a Concellería de Deportes é responsable de optimizar ao máximo o uso das instalacións deportivas municipais de tal forma que, no caso de que queden horas libres que non vaian ser utilizadas pola dita Concellería de forma directa ou por actividades vinculadas a programas municipais, deberá asegurarse o maior uso deportivo posible das instalacións por parte da cidadanía, entidades deportivas e outro tipo de entidades e asociacións.

A gran demanda destas instalacións, cada vez máis crecente no ámbito da actividade deportiva, da lugar a que sexa necesario aprobar estas Bases e regular de forma ordenada o procedemento de solicitude das instalacións así como, na medida posible, a prelación á hora de repartir as horas semanais dispoñibles entre os diferentes solicitantes, debendo tomar en consideración o histórico doutras tempadas como elemento de continuidade.

Coa aplicación do procedemento de concorrencia regulado nestas Bases repartirase practicamente a totalidade de horas semanais dispoñibles no conxunto das instalacións, unha vez descontadas as de uso propio e as reservadas para as actividades lectivas oficiais. Sen embargo, procurárase reservar un número de horas semanais sen repartir para que calquera interesado/a (de forma individual) poida acudir ao sistema regulado a través da carpeta cidadá e reservar esas horas de forma libre, sempre que a situación sanitaria o permita.

Mediante este sistema asignaranse horas nas instalacións deportivas municipais exclusivamente para adestramentos vinculados preferentemente coa práctica federada e actividades físicas e educativas para a tempada e/ou curso escolar 2022-23.

As entidades que teñan adxudicada unha cesión de horario de adestramento en instalacións deportivas durante a tempada 2022/23, disporán igualmente de instalación para a realización das súas competicións. Se ben o obxectivo desta convocatoria non é o de ofertar horas unicamente para competicións, enténdese que son necesarias para o desenvolvemento das correspondentes ligas. Estas serán reservadas semanalmente en función dos calendarios de competición que acheguen as entidades con asignacións de uso. No caso de que durante a tempada 2022-23 deban realizarse competicións en horas que lle son asignadas a calquera dos suxeitos beneficiarios desta convocatoria, deberán deixar as horas libres para realizar as competicións sen ter dereito a ningún tipo de compensación.

O uso das instalacións deportivas municipais estará condicionado ao cumprimento dos protocolos Covid-19 que poidan estar vixentes tanto polo Concello de Santiago de Compostela como por cada unha das Federacións deportivas.

2. SUXEITOS

Poderán solicitar mediante este procedemento o uso das instalacións deportivas municipais os seguintes suxeitos:

1. Entidades deportivas da cidade de Santiago de Compostela inscritas no rexistro municipal de asociacións e definidas polo artigo 40 de Lei del Deporte de Galicia: clubs deportivos, agrupacións deportivas escolares e seccións deportivas todas elas sen ánimo de lucro. Terán prioridade á hora de realizar o reparto aquelas entidades que non dispoñan de instalación propia ou cedida de forma gratuíta.
2. Federacións deportivas con independencia de que a súa sede social estea na cidade de Santiago de Compostela, admitíndose que unicamente soliciten para o desenvolvemento de competicións propias.
3. Para o caso concreto das pistas de atletismo do Estadio Municipal Verónica Boquete de San Lázaro, deportistas individuais con licenza federativa en vigor nas modalidades de atletismo e/ou triatlón.
4. Asociacións en xeral da cidade de Santiago de Compostela debidamente inscritas no rexistro municipal de asociacións.

5. **Excepcionalmente** poderánselle asignar horas para actividades nas instalacións deportivas municipais a entidades deportivas ou asociacións en xeral, debidamente constituídas, que non estean inscritas no rexistro municipal de asociacións, sempre e cando queden horas sobrantes nesta convocatoria ou soliciten franxas horarias para as que non existe demanda por parte de entidades ou deportistas da cidade.

O reparto de horas entre todos os solicitantes non implica o uso gratuíto das instalacións deportivas. En cada caso haberá que atender ao establecido na Ordenanza Fiscal 4.27 na que se determina o prezo público pola prestación de servizos e realización de actividades nas instalacións deportivas municipais así como, calquera modificación que se poida producir ao longo da tempada deportiva obxecto de solicitude.

3. RÉXIME XURÍDICO E NORMATIVA APLICABLE

Tanto o reparto de horas como o uso das instalacións deportivas municipais deberá realizarse respectando as Bases reguladoras desta convocatoria e, en todo caso, a normativa vixente.

En concreto:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, da administración local de Galicia
- Lei 33/2003, del 3 de novembro, de patrimonio das administracións públicas.
- Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o regulamento de bens das entidades locais.
- Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia
- Ordenanza Fiscal 4.27 reguladora do prezo público pola prestación de servizos e realización de actividades nas instalacións deportivas municipais.
- Normas de uso e funcionamento das instalacións deportivas municipais aprobadas pola Xunta de Goberno Local 28 de novembro de 2011 incluíndo as futuras actualizacións que se poidan producir durante o período de cesión.
- Para o caso das instalacións cedidas por convenio pola Universidade de Santiago de Compostela ou por calquera outra entidade ao Concello de Santiago, deberán respectarse as normas de uso propias desas instalacións.

A utilización dunha instalación deportiva municipal por unha entidade para un uso particular considérase a efectos legais unha utilización privativa dun ben de dominio público e, no seu caso, dará lugar ao abono do prezo público regulado na Ordenanza Fiscal número 4.27 do Concello de Santiago de Compostela nos supostos que procedan.

4. INSTALACIÓNS OBXECTO DA CONVOCATORIA

No Anexo I que se achega con estas Bases inclúese un cadro onde se enumeran todas as instalacións deportivas municipais onde se permitirán realizar adestramentos así como, o horario tipo de apertura co fin de dar información sobre as horas ofertadas nesta convocatoria.

En todas esas instalacións existen na actualidade horas dispoñibles que se poden ofertar para uso deportivo. Non obstante, a dispoñibilidade pode cambiar ao longo do ano para aumentar a oferta de programación propia ou ben para dar cobertura a competicións deportivas que se teñan que realizar nas instalacións. Do mesmo xeito, poderase limitar o uso das instalacións cedidas de forma temporal como consecuencia da realización de obras ou por motivos sanitarios.

Cada entidade deportiva deberá solicitar as instalacións e horas que estime necesarias debendo **ter presente os criterios de ocupación tipo que figuran no apartado 9** destas bases, os cales manteñen o criterio de máximos empregados durante estes anos, que están claramente condicionados polo número de instalacións municipais e a demanda existente.

O Departamento Municipal de Deportes propondrá a inadmisión a trámite daquelas solicitudes que pretendan levar a cabo práctica de actividades non compatibles coas características da instalación solicitada, polo que ante calquera dúbida ao respecto poderase solicitar máis información.

Así mesmo, o propio Departamento propondrá motivadamente a desestimación das solicitudes de uso daquelas instalacións que pola formulación particular de seu uso entrañen riscos ou molestias a outras persoas, sexan deportistas ou usuarias das instalacións.

5. RESERVA DE HORAS

Os usos distribuiranse sobre as franxas horarias que estean dispoñibles unha vez se apliquen as reservas que se precisen para atender, en primeiro lugar, as seguintes prioridades:

- Necesidades do propio Departamento Municipal de Deportes para o desenvolvemento das actividades organizadas directamente, ou para outros programas municipais vinculados co mundo do deporte.
- En xornada de mañá principalmente, as horas que sexan necesarias para respectar aos centros educativos que están a utilizar as instalacións municipais para desenvolver as actividades físicas do alumnado que está cursando a ensinanza obrigatoria ou ciclos formativos, así como, as previstas segundo as necesidades de utilización que poida demandar a USC.
- Bloquear sen distribuír na presente convocatoria un mínimo de 20 horas semanais considerando a totalidade dos polideportivos, co fin de que poidan ser reservadas polo sistema que se determine a nivel municipal por calquera persoa física que reuna as condicións. (Esta reserva estará condicionada a situación sanitaria existente).

6. REQUISITOS PARA PODER PARTICIPAR NO PROCEDIMENTO

Deberán cumprirse os seguintes requisitos á hora de presentar a solicitude:

No caso de actividade deportiva (vinculada con adestramentos para poder participar en competicións oficiais):

- a. Que se pretendan realizar actividades deportivas de adestramento cuxo principal obxectivo é a participación e/ou consecución dun resultado deportivo en competicións desenvolvidas no ámbito federativo ou nas competicións recoñecidas pola Administración Deportiva.
Polo tanto, non serán prioritarias en caso de necesidade de espazo a reserva de horas para equipos ou deportistas individuais que non estean destinados a adestramentos para competición, nin se terán en conta para o cálculo da puntuación establecida no punto 8 o número de licenzas federativas correspondentes aos equipos dunha entidade deportiva que non participen en competicións.
- b. Que tales actividades teñan como finalidade fomentar e promocionar a práctica do deporte, xerando hábitos en materia deportiva e incrementando o número de practicantes.
- c. Que a actividade se realice por unha entidade asociativa e/ou club deportivo que estea inscrita no Rexistro municipal de asociacións e cuxo adestramento e/ou competicións teñan como sede esta cidade.
- d. No caso de entidades deportivas deberán indicar expresamente no formulario de solicitude, entre outros datos, o seguinte:
 - A celebración da preceptiva Asemblea Xeral anual aprobando os orzamentos e as contas do exercicio anterior.
 - Censo actualizado do número de socios.

Todos estes requisitos e os demais que figuran na documentación a presentar poderán ser comprobados antes da proposta de resolución definitiva. No caso de que se presente algunha entidade que unha vez comprobada a documentación solicitada non cumpra os requisitos anteriores así como, os recollidos na declaración responsable, poderá excluírse directamente do procedemento e as horas propostas inicialmente para esa entidade serán ofertadas entre os demais solicitantes.

No caso de actividade física de carácter periódico:

- a. Que a actividade que se pretenda desenvolver nas instalacións deportivas teña por finalidade a realización de exercicio físico e/ou a ocupación activa do tempo de lecer e favorecer o desenvolvemento integral das persoas.
Dentro deste epígrafe consideráanse prioritarias as actividades físicas non federadas de ámbito extraescolar que organicen as ANPAS ou agrupacións deportivas escolares, para o que se manterá unha pre-reserva dentro das primeiras horas da tarde naquelas instalacións onde a proposta solicitada estea aprobada previamente no Consello Escolar ou Dirección do centro. Os horarios reservados serán os mesmos, como máximo, que os empregados no curso escolar 2021/22, sempre que foran ocupados con normalidade.
- b. Que a actividade se realice por algunha das entidades numeradas no punto 2 desta convocatoria.

7. CRITERIOS MARCO DE DISTRIBUCIÓN

Estes criterios marco se definen debido ao número limitado de recursos e instalacións dispoñibles que non permiten atender, na súa totalidade, a demanda existente o que obriga a definir unhas prioridades.

1º nivel de prioridade: o definido no apartado 5 destas bases xunto con actividades que aglutinen a persoas con discapacidade.

Darase prioridade aos programas e actividades municipais e/ou de colaboración municipal, ás actividades formativas, en especial, aquelas que están vinculadas cos centros de ensino para o desenvolvemento da materia de Educación Física escolar ou actividades lectivas obrigatorias. Igualmente ás actividades físicas que poidan desenvolverse no ámbito extraescolar dos centros de ensino, organizadas polas ANPAS e/ou agrupacións deportivas escolares dentro dos horarios inicialmente pre-reservados sempre que estean aprobadas no ámbito do Consello Escolar/Dirección do centro e vinculadas principalmente aos nenos e nenas do propio centro educativo.

A maiores, as propostas a desenvolver polas asociacións que estean a traballar con persoas con discapacidade.

2º nivel de prioridade: as actividades deportivas (adestramentos) de ámbito federativo e as vinculadas co deporte escolar da Xunta de Galicia.

Darase especial atención ás actividades deportivas de adestramento das entidades da cidade que participen en competicións oficiais no ámbito federativo ou nas competicións recoñecidas pola Administración Deportiva.

As fins de semana destínanse principalmente á celebración das competicións oficiais ou puntuais nas que participen as entidades e que, á súa vez, estean recollidas nos calendarios federativos ou sexan previamente autorizadas pola Concellería de Deportes. As solicitudes ou propostas puntuais son atendidas dentro das posibilidades existentes.

3º nivel de prioridade: as actividades físicas e propostas deportivas recreativas e competitivas non oficiais (segundo dispoñibilidade unha vez atendidos os niveis 1 e 2).

As competicións e actividades físicas non oficiais que se desenvolvan a través de entidades asociativas sen ánimo de lucro.

Por último, **é importante salientar** que con independencia do nivel de prioridade, estes criterios marco poden non terse en conta no momento en que os solicitantes incumpran as normas de funcionamento das instalacións, non respecten as indicacións do persoal de conserxería ou non fixeran uso do cedido durante as tempadas anteriores.

Outras consideracións a valorar, complementarias aos criterios marco definidos anteriormente son as seguintes:

1. Como norma xeral distribuiranse horas de luns a venres entre as que non estean reservadas pola Concellería de Deportes para os desenvolvemento das súas propias actividades ou programas municipais. En determinadas instalacións, considerando dinámicas de anteriores tempadas e as limitacións de espazo existentes, poderanse reservar ademais horas en sábado e domingos para adestramentos, tendo estas carácter secundario e non xerarán

ningún tipo de obriga para a tempada.

2. Con carácter xeral, a relación de horas posibles recóllense no Anexo I que se achega con esta convocatoria, que poderán verse reducidas no suposto de ser necesario máis das previstas para atender as actividades do nivel 1 de prioridade.
3. As horas para competición serán reservadas semanalmente segundo os calendarios oficiais de competición e dispoñibilidade existente, valorando a demanda que exista. Do mesmo xeito, no caso de que se outorgasen horas de uso que fosen necesarias puntualmente para a realización de competicións durante a semana ou actividades de interese municipal, o beneficiario deberá ceder esas horas e non terá dereito a percibir ningún tipo de compensación.
4. Non se lle asignarán, mediante esta convocatoria, horas a un club ou entidade para a realización de actividades deportivas que non teñan que ver co obxecto do propio club ou entidade.
5. A cesión de horas farase por instalación deportiva, tendo en consideración o horario de apertura establecido, o tipo de actividade que mellor se acomode a cada unha delas segundo as súas características e, tomando como referencia, a carga horaria reservada para o mesmo fin e entidade durante a tempada 2021/22 considerando os ascensos e descensos. En calquera caso, poderanse analizar situacións excepcionais que a pesar de seguir unha liña de continuidade poidan xerar no momento actual unha desproporción ou agravios con terceiros na asignación de uso.

O reparto de horas de uso de cada instalación deportiva farase inicialmente en base aos seguintes parámetros, se ben a condición que limitará a carga horaria será a dispoñibilidade de instalacións obxecto de solicitude:

- a. É importante salientar que o **obxectivo** é tentar que todas as entidades debidamente constituídas e inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións, teñan oportunidade de utilizar as instalacións deportivas municipais, variando a súa carga horaria e frecuencia en función de parámetros tales como:
 - Número de equipos/licenzas e estrutura do club.
 - Categoría deportiva/nivel de competición.
 - Especialidade obxecto de solicitude.
 - No caso de manter a mesma ou similar estrutura en canto a número de equipos e categoría de anteriores tempada, a antigüidade no uso das instalacións deportivas municipais.Dentro deste obxectivo priorizarase dar cobertura ao maior número posible de entidades en base a mínimos de usos, non sendo prioritario atender criterios de ocupación vinculados co alto rendemento que poidan ser formulados por algunha entidade.
- b. Asignaráselle horas a unha entidade sempre e cando as solicite para o adestramento dun deporte que coincida co obxecto polo que está constituído o club ou entidade.
- c. Que leven realizando a actividade na cidade de forma continuada durante os dous últimos anos, podendo non considerarse a efectos do seu cómputo a tempada 2020/21 como consecuencia da situación de emerxencia sanitaria

provocada pola COVID-19, que limitou notablemente a participación de determinadas modalidades deportivas. De non ter actividade na 2020/21, os dous anos a considerar serán os inmediatamente anteriores (2021/22 e 2019/20).

Entidades de nova creación ou que non demostren dous anos continuados de actividade serán valoradas a posteriorí, unha vez atendidas o resto de solicitudes.

- d. En canto ao número de horas asignado, intentarase asignar tantas horas como sexa posible dentro das solicitadas e en base aos parámetros que figuran no punto 9, **respectando o obxectivo de máxima pluralidade de uso dos recintos e as horas reservadas en anteriores tempadas para a mesmo fin.** O número de horas asignado poderá ser inferior no caso de que haxa moitas solicitudes para a mesma franxa horaria e instalación. Neste suposto haberá que atender aos criterios de prioridade, aos condicionantes segundo tipo de recinto e ao acordado pola Mesa de Avaliación.
- e. A asignación das horas de uso por parte de Mesa de Avaliación farase tendo en consideración as prioridades dos criterios marco definidos no punto 7, tomando como base as horas asignadas en tempadas anteriores e, con carácter supletorio, os parámetros avaliábeis que figuran definidos no seguinte apartado.
- f. No caso de que haxa dúas ou máis solicitudes coa mesma preferencia, asignaranse as horas intentando conseguir equidade entre os solicitantes, permitíndose que se estableza un acordo previo entre as partes. Para establecer prioridade sobre horas dispoñíbeis (fóra das vinculadas as reservadas en anteriores tempadas) poderán tomarse como referencia os conceptos que figuran no apartado 8.
- g. **Tomarase como principal criterio de referencia dentro das prioridades definidas no punto 7 o número de horas semanais que se utilizaron na tempada anterior para adestramento (a estes efectos a 2021/22)** nas instalacións deportivas municipais co fin de non perxudicar a ningunha entidade no reparto de horas, de tal forma que poidan continuar nesta tempada de forma similar aos usos que viñan disfrutando, sempre e cando non se estea a producir un agravio comparativo entre entidades. Non obstante, poderán modificarse días, horas e instalación de forma xustificada se así o considera a Mesa de Avaliación. Para isto, a entidade deberá indicar na súa solicitude o número de equipos e categorías ou número de licenzas no caso dos deportes individuais.
- h. É importante ter presente que como criterio xeral primeiro atenderanse os ascensos e, de existir horas dispoñíbeis, novos equipos ou máis licenzas de cada entidade en comparación coa tempada 2021/22.
- i. **IMPORTANTE: A Mesa de Avaliación estudará a posibilidade de delimitar un volume máximo de horas en exclusiva que poidan asignarse a unha mesma entidade establecendo unha porcentaxe límite en base ao número total de horas dispoñíbeis nas instalacións deportivas para esa modalidade, que será de aplicación xeral con independencia do seu crecemento ou incremento do número de equipos.** Este tope que será fixado no ámbito desta convocatoria poderá superarse unicamente e, de forma xustificada, se se produce un ascenso á categoría nacional e non vai en contra de actividades consolidadas ou prexudique a terceiros.

8. PARÁMETROS DE VALORACIÓN COMPLEMENTARIOS

Este apartado ter carácter xeral e complementario, e será de aplicación unicamente para horas dispoñibles que existan a maiores dos usos e cargas horarias predefinidos pola ocupación de tempadas anteriores.

Tal e como se está a indicar de forma reiterada, **a prioridade é manter os usos e/ou carga horaria asignados na tempada 2021/22 considerando as modificacións producidas polos ascensos e descensos sempre que se dispoñan do mesmo ou similar número de equipos e de licenzas e non se estean a producir situacións de ocupación ilóxicas e desproporcionadas**. Tendo en conta que o número de instalacións deportivas municipais obxecto destas bases non aumentou respecto de pasadas tempadas, os posibles incrementos na asignación de horas atenderanse para cubrir os ascensos de categoría, principalmente. O crecemento en número de licenzas e/ou de equipos por parte dunha entidade estudaranse como última opción unha vez estean asignadas as horas do resto de solicitudes que manteñen unha liña de continuidade respecto da súa actividade.

No caso de que, considerando horas que poidan estar dispoñibles respecto de tempadas anteriores, se elixan as mesmas e os mesmos días nunha instalación deportiva municipal por parte de dúas os máis entidades e, de non ser posible manter o criterio de ocupación da tempada 2021/22 e non atopar algunha alternativa na asignación, poderanse utilizar os parámetros establecidos neste punto para establecer unha orde de prelación entre os solicitantes e cúa puntuación específica correrá a cargo da Mesa de Avaliación.

Non obstante, a Mesa de Avaliación, en exercición da potestade discrecional que lle recoñece a lei, poderá realizar un reparto equilibrado das horas entre varios solicitantes, de xeito motivado e atendendo ás circunstancias particulares concorrentes en cada caso, co fin de favorecer a máxima participación das entidades deportivas.

A puntuación total obtida por cada entidade será a que resulte de sumar cada un dos puntos que lle correspondan por estes parámetros segundo determine a Mesa de Avaliación, vista a totalidade de solicitudes. Os parámetros serán distintos en función de se se solicita o uso para a realización de adestramentos federados ou se se solicita o uso para actividade física.

8.1. ADESTRAMENTOS FEDERADOS

8.1.1. En función do nivel da competición definirase unha puntuación coa seguinte orde ordenada de menor a maior (os puntos que se outorguen por categoría poderan ser acumulativos):

- a. Competición local
- b. Competición provincial
- c. Competición autonómica
- d. Competición nacional
- e. Competición internacional

8.1.2. En función do número total de equipos e/ou de licenzas federativas que compitan (competición oficial e regular), debendo desglosar entre masculinas, femininas e menores de idade.

Establecerase unha puntuación máxima para o que se tomará en consideración os datos que se aporten no formulario de solicitude respecto da tempada 2022/23 ou ano 2022 segundo a modalidade.
Estes datos poderán ser verificados antes da resolución definitiva.

8.1.3. En función do número de socios da entidade solicitante tomando como referencia uns mínimos que se puntuarán de forma crecente segundo a seguinte orde:

- a. Ata 50 socios
- b. De 51 a 100 socios
- c. De 101 a 200 socios
- d. A partir de 201 socios

8.1.4. En función de si a entidade dispón dunha instalación deportiva para realizar adestramentos, establecéndose unha puntuación que será decrecente segundo a seguinte orde:

- a. No caso de non dispoñer de ningún tipo de instalación deportiva propia ou cedida de forma gratuíta.
- b. No caso de dispoñer na actualidade dunha instalación deportiva en réxime de aluguer.
- c. No caso de dispoñer na actualidade dunha instalación deportiva propia ou cedida de forma gratuíta.

8.2. ACTIVIDADE FÍSICA

No que respecta as actividades desenvolvidas polas ANPAS e/ou agrupacións escolares manterase o criterio de prevalencia na reserva de horas en base ás reservadas no curso escolar 2021/22, sempre que tiveran un uso normal.

8.2.1. En función do número de deportistas que van participar na citada actividade. A puntuación establecerase de forma crecente, en tramos de 20 participantes, ata un máximo de 100.

9. PROCEDEMENTO

O procedemento polo que se distribuirán as horas das instalacións deportivas municipais ás entidades solicitantes será o de concorrencia competitiva, mediante o cal se pretende garantir o reparto máis equitativo posible entre os solicitantes que presenten características similares.

En calquera caso, hai que partir da dificultade que supón facer un reparto obxectivo das instalacións cando se ten que comparar modalidades deportivas moi diferentes,

con niveles deportivos variados e baixo a perspectiva evolutiva da ocupación dos últimos anos.

A instrucción do procedemento corresponderalle ao Departamento Municipal de Deportes e a resolución ao órgano municipal competente.

Presentación de solicitudes

As entidades deberán solicitar as instalacións e horarios que se axusten ás súas necesidades, atendendo á modalidade deportiva e a relación de instalacións que figuran no Anexo I.

Para a presentación das solicitudes deberá cubrirse o formulario que figura no trámite establecido na sede electrónica do Concello. As entidades que precisen instalacións diferentes para deportes e modalidade distintas deberán presentar o número de formularios que procedan segundo os modelos propostos.

Na solicitude deberá especificarse:

Instalación solicitada: a específica para cada deporte. O criterio é manter unha liña de continuidade respecto das últimas tempadas. É importante salientar que hai instalacións que unicamente permiten un número reducido de modalidades o que condicionan posibles incrementos de actividades noutros recintos ou modificacións de ocupación.

Frecuencia: enténdese por frecuencia os días da semana que son necesarios para realizar a actividade, debendo ter presente o seguinte criterio tipo segundo a instalación condicionado ás disponibilidades existentes:

- POLIDEPORTIVOS (deportes colectivos) nos que poderán compartir pista ata dous equipos sempre que a situación sanitaria e os aforos máximos o permitan:
1 a 2 días/semana categorías local/provincial
2 a 3 días/semana categorías autonómicas
3 a 4 días/semana categorías nacionais

Duración do adestramento: de 60 a 90 minutos segundo dispoñibilidade e categoría a determinar pola mesa de avaliación en función do número de solicitudes.

No suposto dos deportes individuais aplicarase, sempre que sexa posible, unha proporcionalidade segundo o número de licenzas.

Esta frecuencia non se poderá atender no que respecta á modalidade de fútbol sala que será valorada pola mesa de avaliación en atención as circunstancias especiais que concorren provocadas polo alto número de equipos.

- CAMPOS DE FÚTBOL, nos que poderán compartir campo ata dous equipos de fútbol 11 e/ou catro equipos de fútbol 8 sempre que a situación sanitaria e os aforos máximos o permitan:
1 a 2 días/semana categorías local/provincial
2 a 3 días/semana categorías autonómicas

3 a 4 días/semana categorías nacionais cun algún adestramento a campo completo (se existe posibilidade).

Duración do adestramento: de 60 a 90 minutos segundo dispoñibilidade e categoría a determinar pola mesa de avaliación en función do número de solicitudes.

Franxa horaria semanal: enténdese por franxa horaria as horas do día no que a entidade estaría disposta a realizar a actividade, tendo en conta os horarios de apertura que figuran no anexo I. As entidades deberán procurar solicitar os módulos segundo a franxa horaria que figura na solicitude, non admitíndose con carácter xeral outras propostas que condicionen notablemente a dispoñibilidade da instalación. Esta situación é especialmente importante na ocupación dos campos de fútbol, onde o retraso no inicio da actividade limita o seu aproveitamento circunstancia que, como norma xeral, non se poderá atender.

Número de horas semanais: tomando en consideración o anteriormente exposto indicárase a carga horaria por equipo segundo un cronograma que poderá achegar coa solicitude nun documento independente ou explicar dentro do apartado OBSERVACIÓNS do formulario.

Documentación a presentar no momento da solicitude:

Activades deportivas (adestramentos)

- Certificado federativo do número de equipos e/ou licenzas da tempada 2021/22.
- Declaración responsable segundo modelo que figura no trámite deste procedemento
- OPCIONAL. Cuadrante horario semanal con detalle de equipos e categorías en base ao solicitado.

Actividades físicas

- Para actividades físicas extraescolares a desenvolver durante o curso 2022/23 autorización do Consello escolar ou da Dirección do centro onde se indique expresamente a entidade organizadora (segundo as posibilidades definidas no punto 2).
- Certificación do seguro de accidentes para as actividades físicas con competición acompañado do recibo de pago.
- OPCIONAL. Cuadrante horario semanal con detalle de grupos de actividade en base ao solicitado.

Os datos aportados na solicitude e na declaración responsable deberán axustarse á realidade e poder probarse no caso de que o Departamento Municipal de Deportes requira a documentación que sexa necesaria.

No caso de que en algún momento do procedemento se observe que se aportaron datos falsos co fin de obter un maior número de horas, o Departamento Municipal de Deportes poderá propor que se revoque o uso outorgado inicialmente.

No suposto de que no transcurso do procedemento se den circunstancias que alteren os datos facilitados, a entidade debe poñelo en coñecemento do Departamento Municipal de Deportes o antes posible.

Prazo de presentación

A presentación da solicitude para as actividades deportivas de adestramento realizarase no prazo de VINTE (20) DÍAS NATURAIS desde o día seguinte á publicación da convocatoria na páxina web municipal do Concello de Santiago e na do Departamento de Deportes.

A presentación de solicitudes para actividades físicas (actividades extraescolares, ...) estará aberto ata o 15 de setembro de 2022, para facilitar a incorporación das actividades vinculadas cos centros de ensino.

O prazo para a presentación de solicitudes individuais para o uso das pistas de atletismo do Estadio Municipal Verónica Boquete de San Lázaro estará aberto durante toda a tempada deportiva. A autorización estará condicionada á dispoñibilidade e capacidade de ocupación.

As solicitudes das entidades presentadas fóra de prazo non se terán en conta para resolver esta convocatoria. Non obstante, poderán ser valoradas a posteriori no caso de que queden horas dispoñibles ao longo do ano.

Poderán presentar solicitudes as entidades enumeradas no punto 2 destas Bases. Deberá presentarse unha solicitude por cada entidade e por tipo de instalación onde deberá ordenar as preferencias de días e franxas horarias para adestrar.

Requirimento da documentación pendente.

Analizadas as solicitudes presentadas procederase ao requirimento da documentación que estea pendente ou que se considere incompleta, para o que se dará un prazo de subsanación de 10 días hábiles, contados a partir do seguinte ao do recibo da notificación.

Lémbrese que as notificacións serán a través de sede electrónica e entenderanse producidas no momento do acceso ó contido do acto notificado, ou ben, se este acceso non se efectúa, polo transcurso do prazo de **10 días naturais** desde a súa posta a disposición sen que se teña accedido á mesma.

Asignación provisional

Unha vez pechado o prazo e recibidas todas as solicitudes, realizarase unha valoración inicial das que teñan a documentación completa por parte da mesa de avaliación e formularase unha proposta de asignación de usos que terá carácter provisional coa intención de favorecer o inicio das actividades.

Esta asignación provisional terá como referencia a ocupación e/ou carga horaria da tempada 2021/22 máis os ascensos e descensos así como, os niveis de prioridade do punto 7 e os parámetros recollidos no punto 9, e comunicarse por correo electrónico, non xerando dereito ningún de cara á asignación definitiva de usos.

Estará vixente ata a notificación da resolución definitiva da convocatoria.

A **Mesa de Avaliación** das solicitudes será nomeada pola Concelleira delegada de Deportes e Benestar Animal e estará composta por:

- Presidenta: Concelleira de Deportes e Benestar Animal
- Secretario/a: unha persoa pertencente ao Departamento de Deportes
- Vogais: o responsable técnico en xestión deportiva, o técnico en coordinación de instalacións deportivas municipais.

Poderán ser invitados a participar nos debates da mesa de avaliación ou consultados para cuestións específicas persoal técnico das Federacións Deportivas Galegas.

Resolución definitiva

Ditarase unha resolución definitiva para as asignacións de uso e o prazo para resolver o procedemento será de tres meses, que se contarán a partir da data en que finaliza o prazo para a presentación das solicitudes.

A resolución notificarase polos medios legalmente establecidos, individualmente ou mediante publicación.

No caso de vencer o prazo anterior sen publicarse a resolución definitiva, as solicitudes entenderanse desestimadas. Neste caso, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ou recurso contencioso administrativo ante os Xulgados do contencioso administrativo desta cidade no prazo de seis meses a contar desde a data do acto presunto.

En tanto non se resolva o procedemento, continuarán, en termos xerais, os usos de instalacións deportivas que estiveran vixente no tempada 2021/22 coas modificacións derivadas dos ascensos e descensos e cuestións especiais xa aplicadas na reformulación na ocupación de espazos.

Recursos

A resolución do procedemento porá fin á vía administrativa e contra a mesma cabe a interposición de recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses. Con todo, os interesados poderán, con carácter potestativo, presentar recurso de reposición ante o propio órgano que ditou a resolución no prazo dun mes, e nese caso o prazo para a presentación do recurso contencioso administrativo empezará a contarse desde a notificación da resolución expresa do recurso, ou despois da súa desestimación presunta, que se producirá se no prazo dun mes non se resolve o recurso de reposición interposto.

10. RÉXIME DOS USOS CONCEDIDOS E NORMAS DE USO

A administración municipal quedará facultada para a modificación ou suspensión puntual dos usos finalmente adxudicados en función das necesidades da Concellería de Deportes ou, no seu caso, da Universidade de Santiago de Compostela se procede, sen que a entidade afectada teña dereito a ningunha compensación.

O Departamento Municipal de Deportes notificaralle tal circunstancia á entidade que teña concedidos eses usos ao correo electrónico facilitado na súa solicitude cunha

antelación mínima de dous días, sempre que sexa posible, e indicáraselle o motivo da suspensión.

No caso de que sexa necesario realizar calquera modificación da resolución definitiva, ditarase resolución motivada que será notificada á entidade interesada.

A distribución dos usos para adestramento non faculta á entidade para poder realizar unha competición deportiva dentro dos días e horarios asignados. No caso de que se teña que realizar unha competición deportiva deberá solicitalo con antelación suficiente (mínimo con 7 días naturais) por correo electrónico ante o Departamento Municipal de Deportes.

Os usos asignados, que incluírán a fase de pretempada sempre que sexa posible, estenderanse para o **polideportivos** desde o 22 de agosto de 2022 (ou data da resolución, se esta fose posterior) ao 30 de xuño de 2023; para os **campos de fútbol** municipais será do 1 de agosto de 2022 (ou data da resolución, se esta fose posterior) ao 31 de maio de 2023 e, para as **pistas de atletismo** desde o 6 de setembro de 2022 (ou data da resolución, se esta fose posterior) ao 30 de xullo de 2023.

Exclúense as seguintes datas: os días de peche das instalacións por convenio, o período do 24 de decembro ao 6 de xaneiro, ambos incluídos, Semana Santa, e os meses de xullo e agosto; con excepción dos calendarios oficiais de competición. Os interesados que precisasen continuar coas súas actividades nestes períodos excluídos deberán solicitar tales usos, de xeito expreso e xustificado, por correo electrónico e cunha antelación mínima de 15 días. Estas solicitudes poderán ser desestimadas de xeito motivado e, no caso de que varias entidades pidan o mesmo, aplicaranse os criterios de preferencia previstos nas presentes bases.

En consecuencia, calquera uso diferente ao concedido ou a modificación deste deberá ser formalmente solicitado pola entidade interesada, e o órgano competente resolverao.

Os adjudicatarios obríganse a utilizar as instalacións nos termos que lle foron cedidos. No caso de que non poidan utilizar a instalación de forma temporal deberán comunicalo por escrito no Departamento Municipal de Deportes o cal poderá dispoñer das horas que non se van usar baixo o seu criterio.

A comunicación do cese temporal do uso das instalacións deportivas deberá facerse cunha antelación mínima de 5 días hábiles. Dita comunicación deberá presentarse vía correo electrónico indicando no asunto o cesamento do uso das instalacións, o período de tempo e o motivo.

No caso de que non se realice esta comunicación, o Departamento Municipal de Deportes poderá considerar que non se está a utilizar a instalación sen causa xustificada e poderá ditar unha resolución onde a entidade perda o dereito ao uso da dita instalación.

A realización de competicións fora da cidade que coincidan coas horas de uso serán causa xustificada para a non utilización sempre e cando se comuniquen coa antelación suficiente ante o Departamento Municipal de Deportes.

O Departamento Municipal de Deportes levará un control do uso das instalacións deportivas municipais por parte das entidades que o teñen concedido. Dito control realizarse polo persoal de conserxería de cada instalación e será anotado no programa de control de accesos.

No caso de que se produza infrautilización reiterada das instalacións por parte das entidades sen causa xustificada o órgano competente ditará unha resolución pola que a entidade perderá o dereito ao uso da instalación nesas horas infrautilizadas durante o que resta de tempada.

Considerarase que existe infrautilización dunha instalación nos seguintes casos:

- Que o equipo asista cun número de deportistas inferior a 9 ou 7 no caso de campos de fútbol segundo sexa fútbol 11 ou fútbol 8 respectivamente, e inferior a 7 no que respecta aos polideportivos durante máis de cinco días alternos ou tres consecutivos durante a tempada.
- Que se ocupe a instalación durante un tempo horario inferior ao 20% do inicialmente asignado de forma recorrente.

En ningún caso se permitirá a utilización dunha instalación deportiva por un equipo que posteriormente non veña a adestrar como tal, senón que se faga de forma individual por parte dos/as xogadores/as. Isto será considerado un caso de infrautilización da instalación e dará lugar á perda do dereito a desfrutar da instalación nesas horas para o resto da tempada.

A entidade non poderá ceder -total ou parcialmente- a terceiras entidades os usos concedidos nin desenvolver unha actividade distinta á que describiu na súa solicitude de participación na presente convocatoria; agás que para isto último conte con autorización expresa do Concello.

Con carácter xeral, o control de accesos durante as actividades levarase a cabo con persoal municipal, quedando terminantemente prohibido que ningún membro da entidade beneficiaria de ordes ao devandito persoal. Nas competicións o control de accesos de público poderá realizarse se fora necesario por persoal designado pola entidade, baixo a supervisión municipal.

No caso de que se prevea para un determinado partido unha afluencia de público especial ou calquera outra circunstancia extraordinaria, a entidade comunicará por escrito ao Departamento de Deportes cunha antelación de cinco días para que se poidan adoptar as medidas pertinentes; de non facelo así, a entidade beneficiaria asumirá todas as consecuencias que se poidan derivar da falta de comunicación. Así mesmo, se pola importancia do evento fose necesario, segundo informe motivado do Departamento de Deportes, establecer uns servizos de vixilancia ou doutro tipo necesarios para garantir a boa orde do evento, a entidade solicitante deberá sufragar o custo dos mesmos. Con todo, tales servizos deberán axustarse ao disposto pola Lei de espectáculos e actividades recreativas de Galicia.

É obrigatoria a asistencia do adestrador, delegado ou directivo, maior de idade, durante o desenvolvemento do adestramento e no uso dos vestiarios. En ningún caso poderá delegarse nun xogador ou nun terceiro alleo á entidade.

As entidades beneficiarias asumirán os danos que se ocasionen a terceiros ou aos propios bens municipais co motivo da devandita utilización da instalación deportiva.

As entidades ás que se lles asignen usos deberán:

- Facilitar a colaboración de xogadores/as e/ou técnicos para actos puntuais de promoción deportiva ou eventos deportivos, que lles sexa solicitada polo Departamento Municipal de Deportes motivada por interese de cidade.
- Prestar a colaboración organizativa posible en todos aqueles actos dentro do ámbito da súa propia competencia que sexan organizados en exclusiva polo Concello de Santiago de Compostela.
- Inserir en toda a publicidade da entidade o logo oficial do Concello de Santiago de Compostela/Departamento de Deportes que será facilitado previa solicitude.

EFFECTOS DO INCUMPRIMENTO DAS CONDICIÓNIS DOS USOS

O incumprimento de calquera das condicións de uso ou normas de funcionamento da instalación ou de falta de respecto ao persoal de conserxería, trasladaráselle por escrito á entidade beneficiaria para que formule as alegacións que estime convenientes a fin de decidir sobre o inicio do correspondente expediente sancionador. En todo caso, os incumprimentos referidos constituirán unha causa de revogación da asignación de uso. A revogación acordarase mediante resolución motivada e previa audiencia ao interesado.

Todo iso sen prexuízo de que provisionalmente se suspenda o uso durante a tramitación do correspondente procedemento.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA. Réxime de outorgamento de usos das instalacións, á marxe da presente convocatoria.

Finalizado o prazo de presentación de solicitudes, ao longo de toda a tempada 2022/23, calquera entidade que reúna os requisitos desta convocatoria poderá presentar unha nova solicitude que será valorada sempre que exista dispoñibilidade e aínda que este procedemento fose resolto.

En calquera caso, estas solicitudes non serán atendidas ata que se resolvan as presentadas en prazo.

A solicitude deberá presentarse seguindo o mesmo trámite que o definido nestas bases.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA. Uso das instalacións deportivas na fin de semana.

- I. O uso das instalacións deportivas municipais obxecto da presente convocatoria quedarán reservadas as fins de semana para as competicións deportivas, agás determinadas instalacións onde se reserven horas en sábado e domingo para adestramentos ou outro tipo de usos.
- II. Naqueles casos onde haxa unha coincidencia de solicitudes de horas e instalación e non exista acordo previo entres as partes, resolverase seguindo o seguinte orde de preferencia:
 1. O nivel de competición.
 2. Si estivesen ao mesmo nivel, daráselle preferencia ao club locatario

- que leve máis tempo competindo a ese nivel.
3. De manterse a igualdade terá prioridade os equipos femininos sobre os masculinos.
 4. De non definirse a prioridade, a entidade de maior antigüidade.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA ÚNICA

No suposto de que o día 30 de setembro de 2022 non houbera resolución definitiva da distribución de uso das instalacións para actividades deportivas ou 30 de outubro de 2022 para as actividades físicas, as entidades que participen na presente convocatoria manterán con carácter provisional e con carácter xeral os horarios de uso e/ou carga horaria concedidos en función da tempada 2021/22 considerando a incidencia dos ascensos e descensos e a reformulación de espazos que se realizaran, ata que se dite a resolución definitiva da nova distribución das instalacións.

A resolución da presente convocatoria levará consigo a revogación de calquera ocupación de instalación ou concesión que sexa contraria á mesma.

O Técnico en programación e xestión deportiva

ANEXO I: RELACIÓN DE INSTALACIÓN DEPORTIVAS OBJETO DA CONVOCATORIA Horarios dispoñibles orientativos

PAVILLÓNS ubicados en CEIPs	De luns a venres			Fin de semana
	9,00 a 14,00	16,15 a 18,15	18,30 a 23,00	
MONTE DOS POSTES	ACTIVIDADE LECTIVA (obrigatoria)	ACTIVIDADES FÍSICAS (extraescolares)	ACTIVIDADES DEPORTIVAS (adestramentos)	COMPETICIÓN (*)
LAMAS DE ABADE				
APOSTOLO SANTIAGO				
QUIROGA PALACIOS				
ROXOS- VILLESTRO				
PIO XII				
VITE I				

(*) Poden autorizarse actividades deportivas de adestramento que terán carácter secundario en determinadas instalacións.

PAVILLÓNS	De luns a venres			Fin de semana
	9,00 a 14,00	16,15 a 18,15	18,30 a 23,00	
VITE	Actividade lectiva CEIP/IES	Actividades deportivas (adestramentos)	ACTIVIDADES DEPORTIVAS (adestramentos)	COMPETICIÓN (*)
LORENZO DE LA TORRE	Actividade lectiva CEIP	Actividade física extraescolar (**)		
PONTEPEDRIÑA	Actividade lectiva IES	Actividade lectiva IES (**)		
FONTIÑAS	Actividade lectiva IES	Actividade física extraescolar (**)		
RESTOLLAL	Actividade lectiva/física	Actividade física extraescolar (**)		
SANTA ISABEL	Actividade lectiva CEIP/IES	Actividades deportivas (adestramentos)		

(*) Poden autorizarse actividades deportivas de adestramento que terán carácter secundario en determinadas instalacións.

(**) Ocupación preferente en días concretos da semana.

CAMPOS FÚTBOL DE CÉSPEDE SINTÉTICO	De luns a venres 17,00 a 23,00	Fin de semana
AS CANCELAS	ACTIVIDADES DEPORTIVAS (adestramentos)	COMPETICIÓN
SANTA ISABEL		
VILLESTRO		
SERGAS (San Lázaro)		
BELVÍS		
CONXO		
USC (*)		

(*) Só días establecidos por convenio e condicionado a que estea vixente.

PISTAS DE ATLETISMO VERÓNICA BOQUETE de SAN LÁZARO	De luns a venres 17,00 a 22,30	Fin de semana
	ACTIVIDADES DEPORTIVAS (adestramentos) ,ACTIVIDADES FÍSICAS e DEPORTISTAS INDIVIDUAIS CON LICENZA FEDERATIVA	

SALA DEPORTIVA / MUSCULACIÓN de SAN LÁZARO	De luns a venres 17,00 a 22,30	Fin de semana
	ACTIVIDADES DEPORTIVAS (adestramentos)	

SALAS DEPORTIVAS UBICADAS EN POLIDEPORTIVOS

SALA DEPORTIVA	De luns a venres		Fin de semana
	9,00 a 14,00	16,30 a 23,00	
FONTIÑAS	Actividade lectiva IES	ACTIVIDADES DEPORTIVAS (adestramentos) e ACTIVIDADES FÍSICAS	
RESTOLLAL			
SANTA ISABEL (Sala deportiva)			
SANTA ISABEL (Sala musculación)			